

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE ABRIL DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día seis de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Anuncio da Tesourería. Servizo Provincial de Recadación da excma. Deputación Provincial da Coruña, respecto das normas de cobranza en período voluntario dos tributos e prezos públicos municipais. Campaña do primeiro semestre do exercicio 2021. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 60, do 31 de marzo de 2021).
- Orde do 17 de marzo de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Voluntariado sénior e se convocan para o ano 2021 (codigo de procedemento BS508C). (Diario Oficial de Galicia número 61, do 31 de marzo de 2021).
- Orde do 18 de marzo de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (codigo de procedemento BS320A). (Diario Oficial de Galicia número 61, do 31 de marzo de 2021).

- Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 78, do 1 de abril de 2021).
- Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 78, do 1 de abril de 2021).
- Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 78, do 1 de abril de 2021).
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos. (Boletín Oficial do Estado número 77, do 31 de marzo de 2021).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 ao día 30 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 418/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 433/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
418/2021	26-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de marzo de 2021
419/2021	26-03-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a VMGP por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
420/2021	26-03-2021	Convocatoria comisión servizos dun posto de axente da Policía Local
421/2021	26-03-2021	Reposición legalidade urbanística por realización de obras en peche de terreo sita en lugar de Espírito Santo, Cecebre sen comunicación previa ou licenza concedida. Propietarios: JNL e MDLG
422/2021	26-03-2021	Contrato menor arranxo sistema de comunicación no CEIP Gonzalo Torrente Ballester
423/2021	26-03-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dun peche con base de morteiro de cemento ou formigón para soporte de postes metálicos con malla tipo hércules de cor verde e cunha altura sobre os 2 m, sen axustarse a comunicación previa de obras presentada a través do expediente 2020/U026/00000328. Propiedade: JNL
424/2021	26-03-2021	Proposta de aprobación de retribución polos servizos prestados pola interventora de Abegondo en acumulación no Concello de Cambre en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Administración local de data 14 de xaneiro de 2021
425/2021	29-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 82.856,05 €
426/2021	29-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 19.141,71 €
427/2021	29-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 30.643,89 €

428/2021	29-03-2021	Concesión das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2020
429/2021	30-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 51.490,35 €
430/2021	30-03-2021	Reposición da legalidade urbanística por utilización de cheminea por parte dun establecemento comercial
431/2021	30-03-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a OSR por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
432/2021	30-03-2021	Revogación da concesión das bonificacións na cota da taxa por subministración de auga para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza ostente a condición de familia numerosa. (Primeiro trimestre 2021)
433/2021	30-03-2021	Concesión bonificacións auga familia numerosa trimestral

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Sondeos Porzuna, S.L.*, adxudicataria da obra "*Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre*", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS 2016). Expediente 2016/C003/000003
- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* adxudicataria da obra "Saneamento en Curros Enriquez (O Graxal) e outros" incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Pos + 2017. Exp.2017/C003/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Sondeos Porzuna, S.L.*, adxudicataria da obra "*Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre*", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS 2016). Expediente 2016/C003/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 28 de outubro de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Sondeos Porzuna, S.L.* para a obra "*Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre*", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS 2016).

Expediente 2016/C003/000003

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 30/09/2016 e importe de 4.929,65 euros, con número de rexistro 689, por medio de un aval bancario nº 356788 de data 29/09/2016 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 27 de xaneiro de 2021.

Visto o informe de fiscalización NUM 93/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 30 de marzo de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade *Sondeos Porzuna, S.L.* con CIF B1554.... e enderezo en Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 5, local 4, 15008, A Coruña no expediente número 2016/C003/000003, para a obra *“Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS 2016).*

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* adxudicataria da obra *“Saneamento en Curros Enriquez (O Graxal) e outros” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Pos + 2017. Exp.2017/C003/000003***

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 29 de setembro de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* para a obra “Saneamento en Curros Enriquez (O Graxal) e outros” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Pos + 2017. Expediente 2017/C003/000003.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval número 49.408 de data 12 de decembro de 2017, depositado na Tesourería municipal con data 15/12/2017 por importe de 2.706,66 euros e con núm. de rexistro 784 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 27 de xaneiro de 2021.

Visto o informe de fiscalización número NUM 95/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 03 de abril de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* con CIF B1529... e con enderezo na Rúa Agra dos Cregos, nº 28, 15850 Zas, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000003 para a obra Saneamento en Curros Enriquez (O Graxal) e outros” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Pos + 2017.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia